





**MERGÚLLATE**

Proxecto Documental integrado coordinado pola BE

# **PDI “Mergúllate!”**

**BIBLIOTECA EPB**

**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN (A CORUÑA)**

# ÍNDICE

|                                                |    |
|------------------------------------------------|----|
| 1. INTRODUCCIÓN.....                           | 1  |
| 2. OBXECTO.....                                | 5  |
| 3. DESCRICIÓN.....                             | 6  |
| 4. DOCUMENTACIÓN.....                          | 9  |
| 5. TAREFAS.....                                | 10 |
| 6. RECURSOS.....                               | 11 |
| 7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....    | 11 |
| 8. DIFUSIÓN.....                               | 11 |
| 9. AVALIACIÓN.....                             | 12 |
| 10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA..... | 15 |

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. *Xustificación*

No mes de xuño do curso 20/21 o claustro decidiu que o tema do proxecto documental deste curso 21/22 fose o dos mares e océanos, centrándonos tamén no tratamento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) que estarían presentes en todo o proceso e que continuarían sendo referente nos seguintes anos.

O tema é moi amplo e cunha relación estreita co currículo, presente de forma explícita en cada un dos cursos. Por este motivo, abrimos unha serie de vías coas que guiar todo o proxecto, tendo en conta tamén os intereses de cada unha das aulas, así, ademais da vida presente no medio acuático, tamén achegámonos a ecoloxía, arte, tecnoloxía, profesións, entre outras. Esta gran variedade tamén nos permitiu facer unha selección ampla de recursos bibliográficos, incrementando substancialmente o noso catálogo, que como xa comentamos estará plenamente vixente durante os próximos cursos, así como recursos na web adaptados ás idades dos nenos/as do noso colexio.

Tratamos de que toda esta aprendizaxe estivese relacionada, ademais de coas competencias clave, co desenvolvemento do currículo en cada un dos cursos. De este xeito estruturamos e xustificamos as tarefas e actividades con algúns elementos do currículo, propondo obxectivos e contidos a traballar en cada un dos niveis e áreas.

A intención de que o alumnado aprendese a utilizar as estratexias e mecanismos de tratamento e procura da información, que tivese acceso a diferentes fontes, ademais de fomentar o pensamento crítico estivo presente de xeito prioritario no noso labor. Neste curso, sobre todo a partir de finais do segundo trimestre, puidemos realizar algunha [actividade internivel](#), que tan bos resultados dá para a aprendizaxe tanto do alumnado de maior idade como para o de menor.

### 1.2. *Temporalización (calendario de realización)*

O proxecto comezouse a preparar no mes de xuño de 2021, realizándose a selección e a planificación básica durante o período de verán e o mes de setembro. Durante o mes de setembro e outubro desde o equipo de biblioteca determinouse a [estrutura do proceso e o desenvolvemento ao longo do curso](#). Fíxose unha posta en común co claustro. O 1 de outubro demos [comezo ao proxecto](#) deixando un produto de refugallo atopado no mar, recollido en concreto no fondo mariño da Dársena de A Coruña, xunto cunha carta que introducía o proxecto e con dúas actividades que incitaban ao diálogo, a coñecer o que se sabía e o que lles gustaría aprender durante este curso. A continuación realizamos a investigación sobre os diferentes aspectos que centraban o interese do alumnado e sobre aqueles outros que xurdiron desde o equipo de biblioteca. Despois de analizar a información recollida, segundo o interese de cada aula, procedeuse á comunicación en diferentes formatos deste estudo, que se traduciu na elaboración do produto final do proxecto, que foi o documental [“O noso oceanográfico”](#).

### 1.3. *Participantes*

O claustro participou no desenvolvemento do proxecto, traballando os mestres/as titores nas actividades de aula; os mestres/as especialistas desde as súas áreas tamén colaboraron na realización de diferentes tarefas de preparación e desenvolvemento do proxecto. O proceso estivo coordinado polo Equipo de Biblioteca. Outros equipos docentes tamén participaron activamente, como o EDLG, Equipo de Dinamización das TIC e EACE.

As familias desde as súas casas tamén colaboraron tanto na investigación do propio proxecto como no desenvolvemento dalgunhas das actividades propostas ao longo do curso.

O alumnado foi consciente e participou nas diversas actividades e tarefas que se realizaron durante o período de desenvolvemento do proxecto.

#### 1.4. Organización

O **Equipo de Biblioteca** coordinou todo o traballo de investigación e as actividades desenvolvidas durante o proxecto. A iniciativa tivo a adhesión de todo o **claustrro** participando desde as áreas e todos os equipos. O proxecto apróbase en claustrro e inclúese na PXA.

Os **Equipos de Dinamización da Lingua Galega, Actividades Complementarias e Extraescolares e Dinamización das TIC** achegan a súa colaboración nos procesos de investigación e desenvolvemento das actividades. As áreas de [Lingua estranxeira](#), [Educación Relixiosa](#), [Educación Física](#) e [Educación Musical](#) participan elaborando actividades ao longo do proxecto desde as sesións que realiza cada mestra especialista.

As **familias** son convidadas a participar apoiando o proceso de investigación desde a casa, participando en diversas actividades e achegando material ao centro. As **titorías** elaboran diferentes produtos que se realizan no PDI.

#### 1.5. Relación co currículo

##### **Competencias básicas:**

*Competencia lingüística:* para fomentar e mellorar esta competencia a través da elaboración tanto composicións escritas como orais, respectando as normas formais. Fomentamos o traballo tanto da comprensión oral como escrita. Intentamos que o alumnado aprendese a seleccionar a información importante, realizar resumos, esquemas e mapas conceptuais. Ampliaron o vocabulario e traballáronse tanto normas ortográficas como a gramática.

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:* o alumnado familiarizouse cos conceptos e procesos científicos, cálculo de distancias, entre outras. Resolución de problemas e estratexias que poidan utilizar. Traballo coa numeración.

*Competencia dixital:* fomentouse a utilización das TIC durante a procura de

información para o proxecto, así como o desenvolvemento do pensamento crítico, que axudase ao alumnado a seleccionar fontes de procura fiables, para despois incorporala información aos seus traballos. Concienciouse na utilización das TIC de xeito seguro e ensinouuse o uso dalgunha aplicación para desenvolver algún dos produtos do proxecto. Traballouse o Pensamento Computacional e o deseño gráfico en 3D con aplicacións web.

*Aprender a aprender:* tratamos que o alumnado tivera un espírito crítico, que tivera ansia por aprender e ampliar os seus coñecementos. Utilizamos diferentes estratexias e recursos que permitiron aos alumnos/as a planificar a súa aprendizaxe. Na procura da información necesaria para o proxecto aprenderon a realizar esquemas, mapas conceptuais, entre outras, tamén o alumnado foi consciente de como se programa unha investigación.

*Competencias sociais e cívicas:* a interdependencia dentro do proxecto, tanto a nivel de aula, como a nivel de centro, fomentou o respecto polo traballo dos demais e a colaboración/cooperación no traballo conxunto. O respecto polo medio ambiente e a empatía coas persoas que proceden doutros lugares.

*Conciencia e expresións culturais:* visitáronse museos e outras entidades relacionadas co mar. Elaboráronse diferentes obras plásticas que serviron como reforzo do interese pola utilización de diferentes técnicas artísticas e pola cultura.


*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:* o alumnado presentou o aprendido ante os demais e resolveron as dificultades que foron xurdindo ao longo do proceso.

### **Obxectivos:**

- a) Coñecer e valorar a conservación da vida nos océanos.
- b) Coñecer as diversas profesións relacionadas co mar.
- c) Coñecer a evolución e as persoas que exploraron os océanos.
- d) Favorecer o respecto polo medio ambiente.
- e) Aprender a respectar as opinións e traballos dos demais.

- f) Valorar o traballo en equipo.
- g) Seleccionar información desde un punto de vista crítico.
- h) Preparar exposicións orais e escritas con sentido.
- i) Elaborar diferentes tipos de materiais escritos, dixitais e orais: exposicións, carteis, expresión artística, monografías, receitas, instrucións, escaletas, storyboard, representacións, entre outros.
- j) Fomentar a lectura e consulta de diferentes textos e soportes.

## 2. OBXECTO



O PDI “Mergúllate!” achegou ao alumnado a vida que hai no fondo mariño, a evolución dos océanos, as historias que tiveron como escenario o medio acuático, a inspiración que provocou en diversos artistas, a importancia de ser conscientes de que debemos respectar e coidar esta contorna natural e de como a tecnoloxía podía colaborar.

O equipo de Biblioteca deseñou, programou e planificou as diferentes actividades

que se desenvolveron desde o mes de setembro ata o mes de xuño. Os demais equipos (EDLG, EACE, TIC, Orientación), claustro, alumnado, familias e resto da comunidade educativa foi informada das diferentes fases, das actividades a desenvolver (xustificación, relación co currículo, temporalización,...) a través das reunións periódicas que se tiveron e a través das ferramentas de comunicación dixital.

### 3. DESCRICIÓN

O traballo durante o curso estruturouse en diferentes fases:

#### A. Presentación do proxecto á comunidade educativa.

No mes de setembro rematamos a [programación definitiva do proxecto](#), presentámolo á comunidade educativa de diversas formas: ao profesorado nun claustro no que definimos as vías, ao alumnado a través da actividade inicial que explicaremos a continuación e ao resto da comunidade educativa a través das canles Abalar Móbil e Telegram, RRSS, o blog da biblioteca e a páxina web do centro, estas vías foron as utilizadas como canles de comunicación durante todo o curso.

#### B. Desenvolvemento do proxecto:

##### B.1. *Formulamos a pregunta: Que pasou e que pasará nos océanos?*

A partir desta pregunta o alumnado comeza a investigación sobre o tema.

##### B.2. *Preparación da investigación.*

Publicouse unha selección de [recursos](#) cos que comezar a investigación e nos que poder seleccionar información de xeito fiable. Tamén se montou a exposición permanente cos fondos bibliográficos no corredor de entrada do centro. Diversas obras de ficción e non ficción adaptadas a todas as idades do alumnado do centro estiveron accesibles para a comunidade educativa durante todo o curso.

A [primeira actividade](#) de motivación e introdución do proxecto xurdiu da colaboración co Festival Mar de mares, xa que nos cederon material de refugallo recollido do fondo da Dársena da Coruña que logo foron ás aulas. Estes obxectos chegaron ás

aulas xunto cunha carta que explicaba o proxecto e propoñía o diálogo dentro da propia clase, decidindo os aspectos que xa se coñecían e aqueles que lles gustaría descubrir, ademais do deseño dun [logotipo](#) de para identificar o proxecto.

Outra das primeiras actividades foi a [charla da activista Bárbara Veiga](#) aos nenos/as de 6ºEP, na que relatou as súas aventuras no mar e a importancia do seu coidado, esta charla tamén formaba parte das actividades que se desenvolveron co Festival Mar de mares.

No mes de novembro comezamos dúas actividades continuas que tiveron prolongación durante todo o curso. [Novembro mes da ciencia en galego](#) foi o comezo dos [VenreXperimentos](#), nos recreos desenvolvemos experiencias que achegaron conceptos relacionados coa ciencia, neste curso todos estiveron relacionados coa auga, todos os cursos de Educación Primaria desenvolveron algunha destas experiencias. Neste mes tamén recibimos a [científicas do Oceanográfico da Coruña na biblioLab](#). O outro dos programas que comezou foron os [obradoiros](#) realizados polo equipo de biblioteca en horario escolar, consistiron en que a partir da investigación sobre os mares e océanos tratamos que, en función das idades do alumnado, coñeceran as partes dos libros de non ficción, tratar a información á que accedían e aprenderan a transformala e comunicala no caso dos obradoiros realizados en Educación Primaria: Legocéano, no que se realizaron animais mariños con pezas lego e Mitos e lendas en 3D, no que se deseñaron personaxes lendarias e logo se imprimiron coa impresora 3D. Outro dos obradoiros de EP foi o de Historias do mar, no que se desenvolveu un taller de escritura creativa a través do binomio fantástico. O cuarto foi [“Un mar de palabras”](#), que se desenvolveu en Educación Infantil, co obxectivo de crear un dicionario visual de palabras relacionadas co mar, neste caso, ademais de realizar a definición e a ilustración, tamén se enriqueceu cun código QR que dirixe a un audio coa voz do alumnado dando a definición de cada palabra. En total houbo [catro obradoiros](#).

Recollendo unha proposta das clases de 6ºEP as portas de todas as aulas e biblioteca do centro decoráronse como se fosen as dun submarino. O EACE encargouse de ambientar o corredor de entrada ao centro nas diversas celebracións que se realizaron durante o curso.

No mes de decembro a [guía de lectura](#) tivo ao mar como centro das recomendacións que se facían a toda a comunidade educativa.

### B.3. *Recollida de datos máis relevantes para o alumnado.*

Realizamos o [concurso “Mergúllate na información”](#) durante 15 semanas nas que guiamos o proceso de investigación a través das preguntas que se formulaban e que achegaban ao alumnado a diversas cuestións relacionadas co tema e tamén con algunha celebración puntual, fomentamos o uso dos libros de non ficción e os recursos na web previamente seleccionados. A partires deste concurso saíron outras actividades de investigación debido ao interese dos nenos/as, unha delas foi a [liña de tempo](#) que creou alumnado de 2º EP ou os [podcast](#) sobre [mitoloxía](#).

Con motivo do [Día da Paz](#) programamos unha serie de charlas que tiveron a temática da migración no mar, con charlas da familia dun alumno que viviron estas situacións e tamén de ONG que tamén puxeron de manifesto as causas, perigos e todas as problemáticas que suceden nestas viaxes migratorias. Un grupo asistiu de xeito presencial a estas charlas e as demais aulas interesadas a través dunha retransmisión en directo, os vídeos quedaron gravados na nosa canle en Vimeo, pero con acceso a través de contrasinal.

Tivemos un [encontro con Rogelio Santos Queiruga](#), que nos mostrou a importancia do respecto da vida mariña e a nosa contorna máis próxima, aproveitamos para que o alumnado de 5º de EP lle fixese unha [entrevista](#) no estudio de radio.

No [Entroido](#) os disfraces e os mandadiños do noso mariñeiro estiveron relacionados coa temática dos mares e océanos.

O [8M](#) serviu para dar visibilidade a profesións realizadas por mulleres, algúns destes encontros foron presenciais, retransmitíndose ás aulas, e outros a distancia. Como na semana da paz, as aulas que non puideron asistir in situ puideron velas a distancia.

#### *B.4. Análise e interpretación da investigación previa*

As aulas centraron o seu interese en diversos ámbitos relacionados cos mares e océanos, como a arte, vida mariña, o mar en Galicia, os faros, o deporte, os piratas, curiosidades, refraneiro entre outros. Esta investigación produciu diversos formatos, lapbooks, reprodución e reinterpretación de obras de arte, vídeos, presentacións dixitais...

#### *B.5. Preparación e difusión dos resultados.*

As clases prepararon o resumo de todo o traballado durante o curso durante nuns minutos de vídeo que formarían parte do produto final. A maioría dos produtos están recollidos no apartado [“Actividades”](#) da páxina web do proxecto.

#### *B.6. Produto final.*

O vídeo formado pola exposición de nenos/as das diversas clases das etapas de EI e EP conformou o documental [“O noso Oceanográfico”](#), no que se presenta un resumo do traballo do curso. Estes vídeos foron preparados por cada mestre tutor/a ou especialista nas súas aulas, tratando de subliñar os aspectos máis importantes de todo o proceso. A gravación foi feita nas propias clases ou corredores co material realizado, sendo guiados a través das diversas clases polo alumnado de 6º de EP. A montaxe de todas as achegas foi realizada polo equipo de biblioteca.

#### *C. Avaliación do proxecto.*

Realizouse a [avaliación](#) do proxecto seguindo os indicadores descritos na planificación.

### **4. DOCUMENTACIÓN**

Durante o desenvolvemento do proxecto elaborouse diverso material dirixido a encamiñar as tarefas e a facilitar o labor de profesorado e alumnado.

#### 4.1. Profesorado

- Para os mestres/as elaborouse un documento mínimo coas fases, temporalización e tarefas programadas ao longo do curso, estruturadas por trimestre.
- No comezo da fase de investigación achegouse un listado de recursos na biblioteca cos que comezar as tarefas de investigación.
- Diversas mensaxes a través da canle Telegram e Abalar para informar ás familias das actividades.
- Infografía de procura documental e internet.
- Infografías para a reprodución das experiencias dos VenreXperimentos.
- Fichas de procura de información nos obradoiros.
- Gravación de vídeos.
- Cuestionarios de avaliación.

#### 4.2. Alumnado

- Diversas notas e carteis anunciando as actividades.
- Infografía de procura documental.
- Calendario das actividades a desenvolver.
- Recursos na web e exposición permanente na biblioteca de recursos.
- Sección no blog e web do proxecto.

### 5. TAREFAS

O alumnado durante o proxecto realizou:

- Procura e selección de recursos e información nas diferentes fontes facilitadas polo profesorado.
- Conversas sobre ideas, defensa de diferentes posicións no traballo en equipo.
- Elaboración de diferentes tipos de textos: descritivo, informativo, expositivo, literario, instrutivo, narrativo, de uso social, storyboard e guións.

- Lectura de diferentes tipos de textos, así como a extracción da información relevante.
- Elaboración e narración de contos e relatos.
- Elaboración de curtas de animación coa técnica stopmotion.
- Resolución en equipo das actividades planeadas: achegando ideas, solucións, chegando a acordos, respectando as opinións dos demais.
- Utilización de diversas ferramentas TIC para presentar os produtos elaborados e deseño gráfico con aplicacións web.
- Utilización das matemáticas para calcular distancias e tamaños.
- Uso de diferentes técnicas artísticas.
- Organización do seu traballo e presentación tanto escrita como oral ante outras persoas.

## 6. RECURSOS

No corredor de entrada montouse unha exposición permanente con obras relacionadas co tema do noso catálogo bibliográfico.

Realizouse un panel dixital cunha selección de recursos estruturados en diversas seccións que facilitarán a procura de información e a investigación..

Comunicacións a través da mensaxaría das actividades tanto ás familias como ao resto da comunidade educativa.

## 7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Os equipos docentes de EDLG, EACE e TIC planificaron diversas actividades no desenvolvemento do proxecto.

As familias participaron axudando na investigación cos seus fillos/as desde a casa e participando en actividades en grupo como foron as accións que se propuxeron con motivo do Día do libro.

A [radio “Emilia na onda”](#) tamén colaborou na investigación, xa que se realizaron diversos podcast relacionados coa temática, con [entrevistas](#), [monográficos](#), [relatos](#)...

## 8. DIFUSIÓN

Todo o proxecto está recollido na web: [Mergúllate!](#)

No blog da biblioteca aparecen diversas actividades realizadas: [Biblioteca EPB](#)

Na web do Centro recóllense novas sobre o proxecto: [CEIP Emilia Pardo Bazán](#)

Na canle [Vimeo](#) están os vídeos que se foron realizando ao longo do curso.

Diversas notas e mensaxes que se enviaron a través das canles de comunicación Telegram e Abalar.

Publicacións que se fixeron nas contas da biblioteca nas redes sociais [Twitter](#) e [Instagram](#).

Diversas exposicións dos traballos realizados polo alumnado.

## 9. AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación do proxecto:

### 9.1. Autoavaliación

Avaliouse periodicamente na aula co seu titor/a o grao de consecución dos obxectivos que se pretendían acadar, a través dos debates e asembleas que se desenvolveron.

### 9.2. Heteroavaliación

As familias avaliaron o desenvolvemento do proxecto a través dun [cuestionario](#) elaborado polo equipo de biblioteca no que se valorou o desenvolvemento do proxecto. O profesorado avaliou o traballo do alumnado nas aulas mediante diferentes instrumentos, en función da Etapa e da aula dos nenos/as.

### 9.3. Coavaliación

O profesorado, nas diferentes reunións mantidas, foi facendo un seguimento do

proxecto e realizando as modificacións pertinentes, ademais ao final do proxecto completou participou nunha [enquisa](#) na que se valoraron diversos aspectos sobre o proxecto.

En referencia aos indicadores propostos polo Equipo para a avaliación do proxecto, este foi o grao de consecución deles:

*a1. Coñece a fauna e flora mariña.*

*a2. Coñece os ODS 2030.*

*a3. Valora os comportamentos positivos co medio ambiente, en concreto nos mares e océanos.*

*b1. Coñece polo menos tres profesións relacionadas co mar.*

*b2. Coñece e valora o papel das mulleres nas profesións relacionadas co mar.*

*c1. Coñece a evolución da Terra desde a prehistoria ata a idade contemporánea.*

*c2. Coñece polo menos a biografía de tres persoas que exploraron os mares e océanos ao longo da historia.*

Algún alumnado ten dificultades para identificar a tres exploradores.

*c3. Coñece os medios de transporte e tecnolóxicos que utilizaron os exploradores ao longo da historia.*

*c4. Coñece as diferencias entre os mares e os océanos.*

*d1. Elabora polo menos dúas recomendacións para o coidado do medio ambiente.*

*d2. Elabora un artefacto dixital para concienciar no coidado dos mares e océanos.*

*e1. Dialoga en grupo respectando as quendas de palabra.*

*e2. Achega consellos construtivos aos traballos dos demais.*

*e3. Realiza críticas baseadas nos coñecementos adquiridos sobre os mares e océanos.*

*f1. Distribúen funcións entre os integrantes do grupo.*

*f2. Prefire traballar en grupo que individualmente.*

*g1. Procura a información seguindo os pasos do guión entregado polo equipo de*

*biblioteca.*

*g2. Cita as fontes consultadas.*

Pese a que é un aspecto que se traballou nos obradoiros e nas aulas, aínda hai alumnado que non cita fontes e a autoría da información recollida nos seus traballos.

*g3. Elabora os seus traballos dun xeito claro e estruturado.*

*h1. Expón o seu traballo ante outras persoas.*

*h2. Prepara un guión para a súa exposición.*

*h3. Expresa as súas ideas e opinións a través de produtos artísticos.*

*i1. Recóllese todo o traballo documental nun espazo web.*

*i2. Adapta os textos preparados aos esquemas de radio (escaleta) e vídeo (storyboard).*

*i3. Elabora traballos en diversos formatos para expresar as súas ideas.*

*j1. Coñece a organización da biblioteca.*

*j2. Realiza procuras na biblioteca en diferentes tipos de recursos (referencia, textos informativos, monografías, entre outras).*

*j3. Realiza procuras de xeito eficiente, seguindo o guión elaborado polo equipo de biblioteca.*

*j4. Adquire vocabulario propio do mar.*

## **10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA**

A Biblioteca é o eixe principal sobre o que xira o desenvolvemento do proxecto:

Coordinou desde o comezo o desenvolvemento do proxecto, procurou informar nas reunións claustro, ademais de distribuír documentos por diversas vías que fan informando sobre os diferentes momentos.

Realizou o labor de procura, selección e difusión de materiais de diferente tipo para que a primeira fase de investigación puidese arrancar e fose máis doada para o alumnado e o claustro. Tamén atendeu ás demandas que se fixeron desde os outros equipos e titorías en canto a adquisición de diferente tipo de material que axudara á realización das

distintas tarefas.

Organiza a biblioteca de xeito que permite o acceso aos recursos con rapidez, proporcionando diferentes recursos escritos e audiovisuais para completar as actividades propostas.

Elabora diferentes actividades de fomento da lectura relacionados co proxecto, en colaboración co equipo de dinamización das TIC, EACE e EDLG.

Colabora na difusión do proxecto difundindo notas informativas e participando na organización das exposicións dos traballos do alumnado.

Todo o PDI “Mergúllate!” está recollido no espazo web, onde se poderá acceder a vídeos, imaxes e documentos que forman parte do desenvolvemento do proxecto:

<https://bibliotecaepb.wixsite.com/mergullate>